

Encarnación Silva

(1907-2006)

Nacida no lugar da Magdalena, no concello de Boiro, Encarnación Silva trasladouse de adolescente a Pontevedra para traballar como serventa dos marqueses de Leis. Tras o golpe militar, a súa relación co socialista Santiago Bazarra provocou que fora perseguida polos fascistas, que mesmo chegaron a raparlle o pelo.

O historiador Celso Milleiro explica que Bazarra, nacido na Pobra do Caramiñal en 1908, militaba no Partido Socialista e en 1935 fora elixido vicepresidente, cargo que mantiña en xullo de 1936. Nas eleccións de febreiro fora interventor da Fronte Popular e nun informe da alcaldía de Marín, datado o 15 de outubro de 1937, ao que tivo acceso Milleiro, afirmábase sobre el “que era elemento moderado pero entusiasta do comunismo cuxas teorías difundía e propagaba con calor aínda entre elementos de dereitas”.

Segundo conta o historiador, Bazarra era considerado pola alcaldía marinense “o principal organizador do núcleo comunista local” e denunciaba que no seu taller de xastrería adoitaban reunirse “elementos destacados do marxismo local”. Afir-maban que recibía alí a prensa e propaganda “extremista” que logo facía repartir a un aprendiz. Conta tamén Milleiro que durante a II República chegou a alugar cun compañeiro, Paulino Pou Santos, unha avioneta para repartir propaganda.



Bazarra casou con 22 anos e aos 24 enviuvou. A Encarnación Silva coñeceuna tras a morte da súa primeira esposa, Ángela Potti. Ela traballaba no pazo de Martorell, que os marqueses de Leis tiñan na parroquia de Salcedo, e máis concretamente en Campolongo.

Tras o golpe de Estado, Santiago é detido e trasladado á illa de San Simón. Segundo conta o seu fillo, Manuel Bazarra Silva, Encarna sufría pola permanente ameaza da súa inclusión nunha das sacas nocturnas que se vivían no presidio:

“Mentres estivo preso no Lazareto, a miña nai estaba en vilo polas sacas nocturnas. O marqués de Leis preguntoulle porque estaba tan nerviosa e ela contoullo... Paco Leis intercedeu polo meu pai a pesar de ser un home de dereitas que de feito, á súa morte, o seu pazo quedou para Falange”.

Grazas á intercesión do marqués, Santiago Bazarra foi trasladado da illa e até o final da guerra estivo nun batallón de traballadores que construíu a estrada que vai de Caritel á Lama pasando por Covelo. A ese batallón trasladábase cada semana nun carro de bois Encarna para visitar a Santiago, xunto ás compañeiras doutros presos. Nunha desas visitas, a parella realizou unha foto histórica, na que se pode ver a Encarna coa trenza de pelo que os fascistas lle cortaran, suxeita á cabeza a modo de diadema para intentar ocultar a rapa. Os fascistas cortáranlle o pelo a cero por ser a compañeira de Bazarra. A pesar da trenza, na fronte é visible o tosquío.

Santiago e Encarnación casaron en Salcedo o 25 de xullo de 1940, despois de que el quedara en liberdade. Tiveron catro fillos: María del Carmen, Santiago, Manuel e María Encarnación; e Santiago seguiu exercendo como xastre. Foi no taller onde o seu fillo Manuel empezou a coñecer, medio ás agachadas, o que vivira o seu pai:

“Na miña familia había un mutismo total sobre o tema. O que sei é polos comentarios que escoitei no taller de xastrería que o meu pai tiña en Marín. Comentaba cos amigos da súa época que viñan por alí e eu quitaba conclusións, pero moi vagas: que se este era anarquista, que se este era socialista... Ao principio soábame todo a chino pero logo fun relacionando”.

Conta Manuel que o seu pai estivo vixiado polo réxime sempre, ata as portas mesmo da democracia:

“Aínda a finais dos anos 60, un día que Franco veu visitar a escola naval de Marín, lembro que o meu pai tiña que ir fichar á comisaría cada media hora. Bo é que o comisario era amigo seu e díxolle: ‘xa non fai falla que veñas máis. Este é un paripé que temos que facer, pero podes quedar no taller’.



Nin o medo das sacas, nin os traballos forzados, nin a presión durante corenta anos de ditadura lograron trocar as ideas de Santiago Bazarra. Por iso, a súa muller ocultáballe calquera “disensión” dos fillos:

“Eu apunteime á escola de aerodelismo e tiña que ir coa camisa azul. Cando chegaba á casa a miña nai facíame agochala. Na escola obrigábanme a levala, pero antes de que chegara o meu pai tiña que quitala e a miña nai lavábaa ás agochadas. El non podía saber que eu vestía a camisa azul e ela agochouno tanto que penso que nunca o soubo”.

Santiago Bazarra finou en 1983 e a súa dona en 2006. Ambos están enterrados no cemiterio de Salcedo.